



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

ASUNTO: Clasificación de ofertas e requirimentos relativos ao contrato do **SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DA CARTOGRAFÍA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO E REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**.

EXPEDIENTE: 10681/407.

DESTINATARIO: Consello de Xerencia de Urbanismo

RESOLUCIÓN DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.-

ASUNTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTOS AOS LICITADORES NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DA CARTOGRAFÍA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO E REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 10681/407.

A.- Normativa de aplicación:

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCAP).

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP núm 193, do 06/10/2010).

B.- Antecedentes.

1. O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 16.05.2018 acordou:

Primeiro.- Aprobar a memoria xustificativa da contratación do servizo de redacción do PXOM e actualización cartográfica de Vigo; ordenando a súa publicación no perfil do contratante.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación nº 10681/407 denominado “contratación do servizo de redacción do PXOM e actualización cartográfica de Vigo”.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, reguladores do dito contrato e aprobar o gasto derivado da presente contratación, por importe total de 2.770.790,13 euros (IVE incluído), e con cargo ós orzamentos de 2018 (partida 1510.2270602), 2019, 2020 e 2021.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de licitación do “contratación do servizo de redacción do PXOM e actualización cartográfica de Vigo” mediante a publicación dos anuncios esixidos pola Lei 9/2017, do Contratos do Sector Público. Dada a insuficiencia de medios informáticos específicos a licitación non será electrónica.

Quinto.- Designar como responsable do contrato á Xefa da Área Técnica desta Xerencia Municipal de Urbanismo, Dª María Luisa Sobrino Del Río.





Concello de Vigo
 XERENCIA MUNICIPAL DE
 URBANISMO
 SERVIZOS CENTRAIS

ASUNTO: Clasificación de ofertas e requirimentos relativos ao contrato do **SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DA CARTOGRAFÍA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO E REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**.

EXPEDIENTE: 10681/407.

DESTINATARIO: Consello de Xerencia de Urbanismo

Sexto.- Darlle traslado a todos os servizos desta XMU que estean vinculados á presente contratación, en especial á Xefatura da Área Técnica, ós Servizos Centrais para a súa tramitación e o Servizo de Planeamento.

2. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesións ordinarias dos días 19.07 e 26.07 de 2018 acordou nomear aos membros da mesa de contratación e aos membros do Comité de Expertos, respectivamente.

3. O día 26.07.2018 a mesa reúne a efectos da súa constitución e apertura do sobre A. Revisadas as ofertas, requírese á empresa Hemav Technology SL (Lote 1) para que aclare o seu obxecto social. O resto de documentación dos lotes 1 e 2 é admitida. Procédese á apertura do sobre B do lote 2 e a mesa acorda requirir documentación a dous empresas.

4. O día 02.08.2018 a mesa reúne para avaliar a documentación achegada polas empresas e procede á apertura do sobre B do lote 1. Requírese documentación do sobre B a tres empresas do lote 1 e procede a admitir toda a documentación do sobre B do lote 2.

5. O día 09.08.2018 a mesa reúne para avaliar a documentación achegada polas empresas requeridas na anterior sesión. Admítense toda a documentación achegada e dase traslado do contido do sobre B do lote 1 ao comité de expertos a efectos de informe.

6. Con data 30.08.2018 a mesa aproba os dous informes dos comités de expertos de cada lote.

7. O día 06.09.2018 a mesa reúne en sesión pública e procede á apertura do sobre C de cada lote. A mesa advirte en cada un dos lotes unha oferta anormalmente baixa e acorda requirir a ditas entidades licitadoras que aclaren as mesmas.

8. O día 12.09.2018 o xefe dos servizos centrais emite informe relativo á documentación requerida aos dous licitadores dos diferentes lotes para que xustifiquen as súas ofertas económicas. E o xefe do servizo de planeamento desta xerencia emite informe relativo á valoración da experiencia técnica presentada polos diferentes licitadores do lote 2.

9. O día 13.09.2018 a mesa, ao abeiro dos informes anteditos, propón ao órgano de contratación a inadmisión de determinadas ofertas, a clasificación das ofertas e requirir aos licitadores clasificados no primeiro lugar de cada lote, ao abeiro do establecido no PCAP e da LCSP.

C.- Fundamentos

Segundo o establecido polo art 150.2 da LCSP, unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentara mellor oferta para que dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao que recibira dito requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren os apartados a) e c) do art 140 da LCSP se non se presentara con anterioridade, tanto do licitador como de aquelas outras empresas a cuxas capacidades se recurra sen prexuízo dos requirimentos que a mesa poda realizar ao abeiro do apartado 3 do art 140





Concello de Vigo
 XERENCIA MUNICIPAL DE
 URBANISMO
 SERVIZOS CENTRAIS

ASUNTO: Clasificación de ofertas e requirimentos relativos ao contrato do **SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DA CARTOGRAFÍA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO E REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL** .

EXPEDIENTE: 10681/407.

DESTINATARIO: Consello de Xerencia de Urbanismo

LCSP. Tamén deberá achegar compromiso de dedicar e adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais expresados na súa oferta (art 76 LCSP) e documento acreditativo de ter constituída a garantía.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndolle a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVA excluído, en concepto de penalidade. No suposto de non cumprir co requerido, procederase a recabar a mesma documentación ao seguinte licitador pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

Polo exposto, ao abeiro da proposta da Mesa de Contratación do día 13.09.2018 (competente pola delegación realizada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 26 de outubro de 2012), RESOLVO o seguinte:

Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola mesa na súa sesión do 13.09.2018.

Segundo.- Declarar excluídas ás empresas Estudio Cartográfico Gea S.A (lote 1) e UTE URBANISMO DIGITAL VIGO (lote 2) ao abeiro do informado polo xefe dos servizos centrais da XMU.

Segundo.- Clasificar as empresas admitidas neste proceso de licitación do seguinte xeito e na seguinte orde:

LOTE 1: Cartografía

Clasificación	Empresa	Puntuación total
1º	Geograma SL	89,69 puntos
2º	UTE Insitu-TCA-Tracasa	76,02 puntos
3º	Informática El Corte Inglés SA	74,00 puntos
4º	UTE SIXTEMA-COMPASS	58,00 puntos
5º	UTE Telespazio-Edef	57,62 puntos
6º	UTE Eptisa Tecnologías de la Información e Dorgis Corporation	51,65 puntos
7º	Seresco SA	47,39 puntos
8º	UTE Services Reserch & Mapping consulting SL- Núcleo Galicia SL	46,65 puntos
9º	Hemav Technology SL	41,97 puntos
10º	Centro de Observación y teledetección Espacial SA	32,09 puntos

Lote 2: PXOM



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 18/09/2018 11:27	Páxina 3 de 6
EXPEDIENTE 10681/407	CSV: 22E95H-224332-87A1E6-VB341N-R57YF3-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo
 XERENCIA MUNICIPAL DE
 URBANISMO
 SERVIZOS CENTRAIS

ASUNTO: Clasificación de ofertas e requirimentos relativos ao contrato do **SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DA CARTOGRAFÍA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO E REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL** .

EXPEDIENTE: 10681/407.

DESTINATARIO: Consello de Xerencia de Urbanismo

Clasificación	Empresa	Puntuación total
1º	Oficina de planeamiento SA e SEPIA Técnicos SL	93,12 puntos
2º	UTE Víctor García Oviedo-BCN	86,80 puntos
3º	Estudio Técnico Gallego SA	74,72 puntos
4º	Calixto Escariz SL	59,42 puntos

Terceiro .- Requerir ó **licitador clasificado en primeiro lugar do Lote 1-cartografía, Geograma SL**, para que presente no prazo máximo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, a seguinte documentación, segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares:

- Aquela que acredite a súa aptitude para contratar con esta Administración, e a solvencia económica, técnica e profesional. Na cláusula 8ª do PCAP recóllense os documentos acreditativos da personalidade xurídica, da representación e da solvencia. A habilitación profesional acreditarase mediante copia da escritura de constitución xunto os estatutos fundacionais debidamente rexistrados no correspondente rexistro mercantil, onde conste o seu obxecto social, así como a copia de cantos actos modificativos da mesma foran realizados.

A solvencia económica acreditarase a través dos medios establecidos no apartado 5.B das FEC. A solvencia técnica deste lote 1 acreditarase por medio de certificado expedido polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou ben mediante un documento acreditativo correspondente cando o destinatario sexa un suxeito privado ou mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten de forma fehaciente e suficiente a realización da prestación. En todos eles deberá precisarse: identificación do adxudicatario dos traballos (nome, DNI/CIF ou equivalente, data de adxudicación e data de entrega dos traballos, obxecto dos traballos, o importe dos mesmos, o destinatario, público ou privado.

- Certificados de estar ó corrente das obrigas tributarias co Estado, coa Tesourería da Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia, salvo o que se refire ó Concello de Vigo, por canto este será solicitado de oficio polo servizo de Contratación á Tesourería municipal.
- Documento xustificativo do depósito da fianza definitiva por importe do 5% do importe ofertado sen IVE, isto é, por un total de 14.395,00 euros.

Cuarto.- Requerir ó **licitador clasificado en primeiro lugar do Lote 2- PXOM, Oficina de Planeamiento SA e SEPIA Técnicos SL** , para que presenten no prazo máximo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, a seguinte documentación, segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares:

- Aquela que acredite a súa aptitude para contratar con esta Administración, e a



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 18/09/2018 11:27

Páxina 4 de 6

EXPEDIENTE 10681/407

CSV: 22E95H-224332-87A1E6-VB341N-R57YF3-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
 XERENCIA MUNICIPAL DE
 URBANISMO
 SERVIZOS CENTRAIS

ASUNTO: Clasificación de ofertas e requirimentos relativos ao contrato do **SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DA CARTOGRAFÍA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO E REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**.

EXPEDIENTE: 10681/407.

DESTINATARIO: Consello de Xerencia de Urbanismo

solvencia económica, técnica e profesional. Na cláusula 8ª do PCAP recóllense os documentos acreditativos da personalidade xurídica, da representación e da solvencia. A habilitación profesional acreditarase mediante copia da escritura de constitución de cada empresa xunto os estatutos fundacionais debidamente rexistrados no correspondente rexistro mercantil, onde conste o seu obxecto social, así como a copia de cantos actos modificativos da mesma foran realizados.

A solvencia económica acreditarase a través dos medios establecidos no apartado 5.B das FEC.

Ademáis, a solvencia técnica deste lote 2 acreditarase por medio de copias compulsadas dos títulos esixidos para cada membro do equipo e, no seu caso, certificados do colexio profesional correspondente que se esixan para o desenvolvemento de ditos traballos. No caso da solvencia técnica esixida para a persoa coordinadora-directora dos traballos, acreditarase mediante certificado da entidade do sector público correspondente onde se indique como mínimo:

- nome, apelidos e DNI (ou documento identificativo da persoa) da persoa adxudicataria dos traballos
- o traballo realizado (PXOM ou NNSS)
- data de adxudicación dos traballos
- estado de tramitación do traballo realizado nos últimos dez anos (aprob. Inicial, provisional ou definitiva)
- número de habitantes desa entidade do sector público no ano en que foron adxudicados ditos traballos

No caso de non poder obter dito certificado da entidade do sector público para a que realizou o servizo, deberase achegar a documentación fehaciente e suficiente que acredite dito requisito con indicación expresa de ditos datos.

2. Aquela que acredite a experiencia alegada no sobre C. Neste apartado dita experiencia acreditarase mediante certificado da entidade do sector público correspondente onde se indique como mínimo:

- nome, apelidos e DNI (ou documento identificativo) da persoa adxudicataria dos traballos
- o traballo realizado e se o mesmo foi sometido a avaliación ambiental estratéxica (ordinaria ou simplificada), no seu caso
- data de adxudicación dos traballos
- número de habitantes do municipio no momento da adxudicación dos traballos
- estado de tramitación do traballo realizado a data de hoxe (aprob. Inicial, provisional ou definitiva)
- ano en que foron adxudicados ditos traballos

No caso de non poder obter dito certificado da entidade do sector público para a que realizou o servizo, deberase achegar a documentación fehaciente e suficiente que acredite dito requisito con indicación expresa de ditos datos.

3. Certificados de estar ó corrente das obrigas tributarias co Estado, coa Tesourería da



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 18/09/2018 11:27	Páxina 5 de 6
EXPEDIENTE 10681/407	CSV: 22E95H-224332-87A1E6-VB341N-R57YF3-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

ASUNTO: Clasificación de ofertas e requirimentos relativos ao contrato do **SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DA CARTOGRAFÍA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO E REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**.

EXPEDIENTE: 10681/407.

DESTINATARIO: Consello de Xerencia de Urbanismo

Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia, salvo o que se refire ó Concello de Vigo, por canto este será solicitado de oficio polo servizo de Contratación á Tesourería municipal.

4. Documento xustificativo da fianza definitiva por importe do 5% do importe ofertado sen IVE, isto é, por un total de 85.000,00 euros.

Quinto.- Notificar a presente resolución a cantas persoas ou entidades interesadas houbera no presente procedemento, advertíndolles que contra a presente resolución poderán interpoñer recurso especial en materia de contratación ao abeiro do establecido polo art 44 da LCSP. Non procede interpoñer contra este acto, recursos administrativos ordinarios.

Vigo, na data da sinatura electrónica

J. Carlos Hernández Figueruelo, XERENTE
Dou fe, José Riesgo Boluda, Secretario da XMU



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 18/09/2018 11:27

Páxina 6 de 6

EXPEDIENTE 10681/407

CSV: 22E95H-224332-87A1E6-VB341N-R57YF3-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>